



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día trinta e un de xullo de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (15/06/2019 e 10/07/2019).

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 15/06/2019 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 10/07/2019 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2018.

Dáse conta da Conta Xeral do exercicio 2018.

Vista a Conta Xeral correspondente ao orzamento do ano 2018, formada pola Intervención e rendida polo Alcalde-Presidente o 29 de abril de 2019.

Visto o ditame favorable da Comisión de Economía e Especial de contas do 9 de maio de 2019.

Visto que a Conta Xeral foi obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto o certificado da secretaría do 28 de xuño de 2018 no que consta que durante o dito prazo non se presentaron en tempo e forma reclamacións reparos ou observacións.



Visto todo o anterior e ao obxecto de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais (TRLRFL), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Orzamento de 2018 do Concello de Vedra, composta pola seguinte documentación:

Contas anuais:

- a.- Balance
- b.- Conta do resultado económico-patrimonial
- c.- Estado de cambios no patrimonio neto
- d.- Estado de fluxos de efectivo
- e.- Estado de Liquidación do orzamento
- f.- Memoria comprensiva dos seguintes apartados:
 - Organización e actividade.
 - Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.
 - Bases de presentación das contas.
 - Normas de recoñecemento e valoración.
 - Inmobilizado material.
 - Patrimonio público do solo.
 - Investimentos inmobiliarios.
 - Inmobilizado intanxible.
 - Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
 - Activos financeiros.
 - Pasivos financeiros.
 - Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.
 - Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
 - Provisións e continxencias.
 - Información sobre medio ambiente.
 - Activos en estado de venda.
 - Presentación por actividades da conta do resultado económico patrimonial.
 - Resumo do desenvolvemento do proceso de xestión dos recursos.
 - Operacións non orzamentarias de tesouraría.
 - Contratación administrativa.
 - Valores recibidos en depósito.
 - Información orzamentaria.
 - Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.
 - Información sobre o custe da entidade
 - Acontecementos posteriores ao peche.
 - Estado de Conciliación Bancaria.
 - Balance de Comprobación.

Ás contas anuais acompañase a seguinte información complementaria:

- a.- Acta de arqueo a fin de exercicio.
- b.- Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a fin de exercicio.
- c.- Estado conciliatorio entre saldos contables e bancarios.



Segundo.- Remítilla ao Tribunal de Contas atendendo ao modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución de 13 de novembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un novo formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático para a súa rendición, e que responde ao esquema de ficheiro formato “xml”, remitíndose de xeito telemático a través do portal de rendición de contas.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise abster xa que é un documento técnico que hai que aprobar en Pleno, aínda que sinala o desacordo coa xestión económica do grupo de goberno.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, anuncia a abstención do seu grupo.

Posta a votación a citada proposta, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e BNG-AA.

3º.- Aprobación definitiva, se procede, do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na ordenanza U-4. Fincas singulares en solo urbano (Casa de Louzao)

Considerando a proposta presentada por don Manuel Louzao Rivadulla para a aprobación do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal, nos termos do proxecto achegado asinado por Ana Isabel Piñeiro Esperante e don Lino Manuel Doporto Framil, en calidade de arquitectos.

Visto o informe de Secretaría, de data 18 de novembro de 2013, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Vista a decisión de data 11 de decembro de 2014 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de NON SOMETEMENTO do mencionado plan á avaliación ambiental estratéxica (expte.: 2014AAE1748), por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de outubro de 2015, e previo informe técnico de data 07/10/2015, aprobouse INICIALMENTE o Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), sendo notificado ao titular catastral.

No DOG número 221, de data 19/11/2015, saíu publicado o anuncio de exposición ao público; así coma nos xornais El Correo Gallego, do 27/10/2015, e La Voz de Galicia, do 27/10/2015. Durante o prazo de exposición ao público non se achegaron alegacións, tal e como consta na certificación de Secretaría emitida para os efectos.

Foron solicitados os informes sectoriais pertinentes téndose recibido os que se relacionan de seguido e coas conclusións que figuran no expediente:

-20 de xaneiro de 2016, Ministerio de Fomento – Dirección Xeral de Aviación Civil.

-11 de febreiro de 2016, Augas de Galicia.

-13 de xuño de 2016, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

-5 de xullo de 2016, Ministerio de Fomento – Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.



Logo do informe técnico de data 15/09/2016 en relación co proxecto redactado dando cumprimento ao contido dos informes sectoriais e da aprobación PROVISIONAL polo Pleno da Corporación, con data do 21/12/2016, o expediente e proxecto foron remitidos ao órgano autonómico competente para informe previo á aprobación definitiva.

Con data do 08/05/2017, RXE do concello número 592, recíbese o mencionado informe previo requirindo a emenda de diversas cuestións que unha vez corrixidas son remitidas de novo ao órgano autonómico. Con data do 14/02/2018, RXE deste concello número 190, recíbese informe previo á aprobación definitiva (expediente PTU-AC-16/166) en sentido favorable e condicionado á corrección dos aspectos sinalados no apartado III.4 do mencionado informe.

Con data do 21/02/2018 achégase polo interesado o proxecto do mencionado plan especial modificado e con data do 13/03/2019 recíbese o informe favorable de Augas de Galicia.

Logo de emitidos os informes técnico (23/05/2019) e xurídico (27/05/2019) en relación co expediente e de conformidade coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a disposición transitoria 2ª.2 da vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia e demais de aplicación

Proponse:

PRIMEIRO.- Aprobar **DEFINITIVAMENTE** o proxecto do *Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao)*, de data 21/02/2018, asinado por dona Ana Isabel Piñeiro Esperante e Lino Manuel Doporto Framil, en calidade de arquitectos, e promovido por don Manuel Louzao Rivadulla, que afecta ao ámbito delimitado polo vixente PXOM no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal nos termos do expediente tramitado e da documentación técnica.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos titulares catastrais do ámbito obxecto do expediente de aprobación.

Publicar a aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia xunto co enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público, e unha vez publicado, comunicar a aprobación definitiva ao órgano autonómico competente para inscrición no Rexistro de Planeamento de Galicia, xunto cun exemplar en soporte dixital.

Unha vez inscrito deberá publicarse a normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Posta a votación a citada proposta, apróbase por unanimidade dos asistentes.

4º.- Acordo, se procede, sobre do POS+ Adicional 2/2019.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O Pleno do concello, en sesión ordinaria, celebrada o día 1 de abril do ano que andamos aprobou a participación no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS +2019, no que se incluían no Plan Complementario dous investimentos:

Acondicionamento de espazo verde público en Fontao (Orzamento: 117.232,16 euros)

Ampliación da rede de abastecemento en Sete e Argunte (Orzamento: 182.000,00 euros)

Despois de dous EMC aprobados pola Deputación con data 01 de marzo e 26 de abril, coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS +2019, a cantidade definitiva que lle corresponde ao noso concello no POS + Adicional 1/2019 é de 319.665,81 euros.

Por Resolución da Alcaldía núm. 242/19, de data 8 de maio, acordouse participar na 1ª Fase do POS Adicional 1/2019, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa foron incluídos no Plan Complementario do POS +2019, tal e como se indica deseguido:

Investimentos financeiros sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS + 2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Acondicionamento do espazo verde público en Fontao (Vedra)	87.924,12	29.308,04	117.232,16
Ampliación da rede de abastecemento en Sete e Argunte	136.300,00	45.700,00	182.000,00
	224.224,12	75.008,04	299.232,16
Mayor achega provincial asignada ao concello			319.665,81
Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase			224.224,12
Diferenza pendente para a 2ª Fase			95.441,69

Proponse:

1º.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orz. total
<i>Ampliación da rede de abastecemento en Afós. Eiravedra</i>	44.419,67	15.300,00	59.719,67
<i>Ampliación abastecemento Laraño zona Sur</i>	51.022,02	17.513,51	68.535,53
TOTAL	95.441,69	32.813,51	128.255,20

Maior achega provincial asignada ao concello	319.665,81
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	224.224,12
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	95.441,69

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo votará a favor, e que se demostra unha vez máis que a Deputación cumpre co concello de Vedra. Así mesmo, solicita un informe das solicitudes de enganche á rede de abastecemento que hai pendentes de executar no concello.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, anuncia a abstención do seu grupo. Sinala que a decisión das inversións é unha cuestión política, e xa que o grupo de goberno non lles dá opción de participar, cre que a abstención é o máis xusto.

Posta a votación a citada proposta, apróbase con once votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE, e dúas abstencións do BNG-AA.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG-AA para a creación de espazos de deportes alternativos en Vedra.



Declárase a urxencia deste punto da orde do día que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

Existe unha tendencia democratizadora no mundo dos “deportes urbanos”, pola que pasan de ser prácticas alternativas en espazos urbanos, a ser deportes coñecidos e practicados por xente nova e adulta en todos os contornos.

En Vedra existe dende hai tempo demanda de espazos adecuados para a práctica de skate, roller e BMX, ou para a práctica da escalada indoor.

De feito, é difícil atopar unha casa con nenos na que non exista unha ou varias táboas de skate, patíns, ou bicicletas de BMX. Da mesma maneira no noso concello existen vías de escaladas en zonas naturais visitadas por veciños de Vedra e doutros concellos, e dende hai dez anos un club de montañismo e escalada, así como rapaces e adultos que visitan con asiduidade a única pista de escalada indoor da comarca, en Compostela.

De feito, é habitual ver o velódromo de Vedra cheo de rapaces e adultos practicando patinaxe (en calquera modalidade, incluída velocidade), son veciños de Vedra ou de concellos limítrofes. É dicir, ante a falta de espazos específicos os deportistas e afeccionados, aproveitan outros espazos para a práctica destas modalidades deportivas.

Como curiosidade: Vedra conta cunha das únicas empresas galegas especializadas en producir presas de calidade para rocódromos.

A creación de espazos específicos para a práctica destes deportes non é dificultosa, e as obras necesarias son de baixo custo (comparado con outras instalacións deportivas, máis comúns)

A existencia destes espazos en Vedra, permitirá unha oferta para a práctica deportiva máis variada e atractiva, permitirá tamén a creación de pequenas empresas especializadas en formación destas disciplinas deportivas.

Todo o anteriormente exposto, xunto coa recente implantación de probas específicas de dúatlon, campionatos BTT, piragüismo de lecer, así como o desenvolvemento do plan director da bicicleta, ou o mantemento e renovación das rutas de sendeirismo e escalada existentes, permitirá fomentar un espazo de turismo deportivo, procedente de toda a comarca.

Posto que noutras parroquias existen espazos deportivos tradicionais de elevado arraigo (campos de fútbol, por exemplo), e tendo en conta a proximidade do colexio de Vedra, consideramos que o entorno do pavillón polideportivo, e o velódromo son as zonas máis adecuadas para a súa instalación.

En resumo: dende o BNG-AA queremos que Vedra sexa referente na comarca no ámbito do lecer.

Para iso cremos que dotar o pavillón dun rocódromo de aproximadamente 100 metros cadrados, sería unha alternativa ideal para que os afeccionados non teñan que desprazarse a concellos da redonda a practicar este deporte en auxe, (deporte olímpico en 2021, e cun gran potencial de uso en Vedra).

Ademais o uso dunha instalación destas características é compatible con outros usos, posto que unicamente ocupa as paredes dunha esquina do edificio, deixando a pista practicamente libre para o uso de calquera outra disciplina.

O prezo aproximado dun rocódromo de 100 m², ronda os 40 mil euros (IVE e instalación incluída), con zona de boulder, e zona de corda con autoseguros.

Outra instalación con demanda é un skatepark, así que propoñemos o aproveitamento de 200 metros cadrados no centro do velódromo, que daría acollida aos afeccionados que na actualidade practican as súas disciplinas en espazos abandonados, patios de colexios etc....

Esta segunda parte do proxecto constaría dun equipamento profesional.



O prezo dunha instalación profesional (IVE incluído) é de aproximadamente 30 mil euros.

Atendendo ao anteriormente exposto, solicítase do pleno a aprobación da seguinte moción:

1. Construír un rocódromo indoor no pavillón de deportes de Vedra.
2. Construír un skatepark no centro da pista de rodadura (velódromo) de Vedra.
3. Planificar para o curso lectivo 2019/2020 cursos e actividades de escalada, Skate e Roller urbano.
4. Estudar a posibilidade de realizar un convenio co fabricante de presas local.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que esta moción busca xerar unha liña diferente na participación deportiva no concello. Existe unha demanda de deportes alternativos no concello e mesmo podería atraer a xente de fóra do concello.

A pista de skate, poden aprobala agora, e a zona de escalada non ten problema en que se fale cos axentes implicados (Vértice, arquitecto, etcétera) para ver onde se pode realizar e que non teña problemas de seguridade.

A Presidencia responde que tal e como faláron en ocasións anteriores, parécelle unha boa proposta, interesante. Na pista de skate chegaron a un consenso, aínda que quizais o lugar que propoñen no centro da pista non é o ideal, si que pode encaixar nunha esquina. Buscarán o mellor sitio para o seu emprazamento. No mes de setembro reuniránse con todos os axentes implicados para tratar de atopar o mellor emprazamento para o rocódromo.

Sométese a votación o segundo punto da moción, a construción dun skatepark no velódromo de Vedra, que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

6.- Rogos e preguntas.

A Presidencia di que dona Yolanda Vieiro presentou onte un par de preguntas respecto ao recurso extraordinario que presentaron en relación á declaración de bens do tractor e da furgoneta. Contesta que se vai resolver nos próximos días este recurso extraordinario e recibirán a contestación en datas próximas.

-- O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, en canto á venda dunha furgoneta e un tractor, e unha vez revisada a documentación, di que hai cousas que lle faltan. O Sr. Secretario fixo un informe no que di que o tractor está valorado en 1.900 € e a furgoneta en 100 €. Pregunta onde está o informe do técnico especialista nos que se determina o valor venal dos vehículos.

Pregunta cales foron os medios polos que se informaron as dúas persoas que presentaron as ofertas.

O día 14/02/2019 declaráronse como bens non utilizables o tractor e a furgoneta. O 18/02/2019 apareceron as ofertas, e a Xunta de Goberno publicouse o día 26/02/2019. É dicir, coñecían o proceso antes de que se fixera público.

Pregunta quen foi a persoa que peritou o valor do envío ao refugallo destes vehículos e onde están eses informes, de existiren, e solicita unha copia dos mesmos.

Pregunta por que non se publicou a venda deses vehículos no boletín e web municipais para que os veciños de Vedra, que foron quen realmente os pagaron, soberan do proceso.



Por outro lado, di que unha das funcións da oposición é exercer o control da acción do grupo de goberno. Ao fío disto, pregúntalle ao Sr. Secretario en que artigo de que Lei aparece que os concelleiros teñan que motivar a solicitude de documentación.

O Secretario, en canto á cuestión da motivación, responde que esta non se pediu para dar acceso á información. O grupo do PSdeG-PSOE tivo acceso á información, como demostra a publicación do informe da propia secretaría. Pídeselle a motivación para fotocopiar o expediente.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, reitera a pregunta.

O Sr. Secretario respóndelle que ten que xustificar de onde saca que ten dereito a ter copia dun expediente completo.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, solícítalle á Presidencia que lle diga en que artigo de que Lei aparece que os concelleiros teñan que motivar a solicitude de documentación.

2º.- Pregunta que pasou co inchable da Festa do escalo, e por que non se contratou a un veciño de Vedra co que se contactara previamente. Espera que esa decisión non estivera motivada por ir nas listas do PSdeG-PSOE.

3º.- En fronte da gardería municipal hai unha masa común do concello que foi cortada. Pregunta cantas toneladas se venderon de leña e canto lle deron por elas.

4º.- O concelleiro de Servizos de Saneamento e Abastecemento, Desenvolvemento Rural fixo un pendello despois de tomar posesión como concelleiro. Pregunta se ten licenza e cumpre coa normativa vixente. En caso de que non sexa así habería que actuar de oficio.

5º.- Pregunta de quen é o novo aparcadoiro da piscina municipal e que custe ten para o concello.

6º.- Solicita o arranxo dunha tapa de sumidoiro que rompeu o tractor municipal en Nande.

7º.- Solicita a retirada dun vehículo abandonado que está detrás do campo de fútbol do Coto.

8º.- Solicita que se publiquen no portal de transparencia da web municipal as declaracións de bens de todos os concelleiros presentes no Pleno.

9º.- Solicita o arranxo dunha barreira de seguridade en Fontao que rompeu despois dun accidente de tráfico.

10º.- Solicita o arranxo do local do PSdeG-PSOE, unha rede wifi para poder traballar así como a chave da caixa de correo.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Por que están paradas as obras da estrada de Vedra a Santa Lucía.

A Presidencia responde que as enxeñeiras da obra dixéronlle que antes do asfaltado teñan que facer unhas obras de urbanización pendentes e que tampouco acompañou o tempo nun momento dado. Di que son temas meramente técnicos.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE replica que as obras están paradas porque están pendentes de que Santiago retire a marquesiña que hai alí.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Se van ter en conta o recurso que presentaron relativo á venda do tractor e furgoneta, e se polo tanto, se vai anular o proceso de alleamento de bens. En relación a isto pregúntalle á Presidencia se vai levantar acta para deslindar as responsabilidades derivadas do proceso.



--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Solicita que o concello se subscriba ao único xornal que se publica agora mesmo en galego (NÓS) e deixen un exemplar na biblioteca municipal e no centro da Terceira Idade.

2º.- Cal é o motivo polo que se cortou a masa de San Fins.

3º.- Gustaríalle que o concello se sumase oficialmente á folga universal contra a emerxencia climática do 27 de setembro.

4º.- Súmase á solicitude do PSdeG-PSOE de publicación no portal de transparencia da web municipal das declaracións de bens de todos os concelleiros presentes no Pleno.

5º.- Publicouse o anteproxecto de transporte, para o que o concello de Vedra tivo que facer un proxecto de transporte. A Xunta publicou o anteproxecto para que o período de alegacións coincida co mes inhábil (agosto). Recórdalle que teñen 20 días para revisar que o anteproxecto coincida co proxecto que asinou Vedra.

A Presidencia di que son conscientes diso, e que el persoalmente está enriba dese tema.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, dille que revisen as liñas, que analicen se as liñas propostas no proxecto coinciden coas do anteproxecto; que revisen se o número de expedicións destas liñas coinciden; analicen as liñas e revisen se as paradas coinciden. Incida sobre a accesibilidade que é algo moi importante e que non se recolle no anteproxecto, así como no transporte de bicicletas.

Recórdalle a importancia de que revisen as liñas que comunican Vedra con Santiago e permitan a chegada dos alumnos de bacharelato ás aulas e que no retorno non teñan que saír antes para coller o autobús.

Resalta que todas as liñas afectan a todas, polo que deben ter coidado se deciden modificar algo.

Cre que é imprescindible que presenten un proxecto para incorporar ao anteproxecto unha liña a maiores, unha liña circular que una as parroquias máis poboadas (San Xián, Vedra e Santa Cruz) coa Susana, xa que a única posibilidade de ir a Santiago é enlazar coa Susana.

Di que deben falar co alcalde de Boqueixón sobre este tema, porque se necesita unha liña circular que una os dous concellos coa Susana; ao mesmo tempo que deben planificar as comunicacións coa Estrada xa que non o fixeron antes.

Finaliza sinalando que os problemas que ten Vedra de carencia de poboación débense en parte á precariedade das liñas de transporte que a comunican con Santiago.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta minutos.